

## PROGRAMA XUVENTUDE MENTORING

*Programa integral de formación e mentoring destinado a persoas mozas tituladas e inscritas no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil na Comunidade Autónoma de Galicia, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, Programa Operativo de Emprego Xuvenil.*

### 1. CAL É O OBXECTIVO DO PROGRAMA?

O programa Xuventude Mentoring é un programa pioneiro de formación e mentoría impulsado dende a Xunta de Galicia co obxectivo de favorecer **a transición á vida laboral das persoas mozas con estudos de grao ou de formación profesional.**

O programa está destinado á mellora das habilidades e competencias, desde a educación non formal, para a busca de emprego, tanto por conta propia como por conta allea. As persoas mozas participantes contarán co contacto dunha rede de persoas mentoras procedentes do empresariado galego, que lles ofrecerán asesoramento e apoio.

Na súa primeira edición, o programa Xuventude Mentoring oferta 350 prazas.

En definitiva, este novo programa pretende:

- Facilitarlles ás persoas novas tituladas un programa integral de formación e mentoring, da man de persoas expertas, empresarios/as e profesionais con experiencia, co obxectivo de **apoiar e optimizar a súa procura de emprego.**
- Aumentar a empregabilidade da mocidade, dotándoa de **competencias e habilidades actualmente imprescindibles** para a súa inserción no mercado laboral: fluidez tecnolóxica, intelixencia social, espírito de innovación, creatividade, habilidades comunicativas...
- Amosarlle ás empresas e profesionais da comunidade autónoma **as capacidades e talento das persoas mozas**, así como integrar a participación no programa de mentoring como unha boa práctica no ámbito da responsabilidade social empresarial.

### 2. QUEN O ORGANIZA?

Este é un proxecto de colaboración entre a Consellería de Política Social da Xunta de Galicia e o Consorcio Interuniversitario (CIXUG), integrado pola Universidade de Santiago de Compostela, a Universidade da Coruña e a Universidade de Vigo.

Está cofinanciado polo Fondo Social Europeo e a Iniciativa de Emprego Xuvenil, nun 91,89%, con cargo ao Programa Operativo de Emprego Xuvenil, para o período 2014-2020, no eixe prioritario 5, prioridade de investimento 8.2, obxectivo específico 8.2.1, medida 8.2.1.1.

### 3. QUE OFRECE O PROGRAMA?

Xuventude Mentoring é un programa integral con 4 grandes bloques de accións que se desenvolverán entre setembro e decembro de 2021:

- I. Traballo con persoas mentoras: asesoramento e apoio para a busca de emprego, por conta allea ou por conta propia, coa titorización dunha persoa mentora.  
  
Cada participante terá, polo menos, 4 reunións co seu mentor ou mentora, de forma presencial ou telemática.
- II. Actividades formativas: de maneira presencial, semipresencial ou en liña, dirixidas a desenvolver habilidades e competencias clave para o futuro desenvolvemento profesional da persoa moza.
- III. Asistencia a eventos e visitas a empresas destinadas a mellorar a empregabilidade e establecer unha rede de contactos (*networking*).
- IV. Seguimento e asesoramento continuado por parte do equipo especializado do programa.

Os principais contidos para este programa formativo son:

- Comunicación e liderado (5 horas).
- Busca activa de emprego (5 horas).
- Competencias para a busca de emprego (*soft skills*, 10 horas).
- Ferramentas TIC para a busca de emprego (10 horas).
- Marca persoal na busca de emprego (3 horas).
- Creación de CV (2 horas).
- Emprendemento como fórmula de futuro profesional (2 horas).
- Definición da idea de negocio (8 horas).
- Webinarios e formación en centros empresariais.

#### 4. QUEN PODE PARTICIPAR?

Poderán participar neste programa as persoas que cumpran os seguintes 3 requisitos:

1. Ter rematados os estudos universitarios ou de formación profesional nunha universidade ou centro de estudos galego.
2. Estar inscritas e ser beneficiarias do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil (SNGX) no ámbito da comunidade autónoma de Galicia no momento de iniciar as accións do programa.
3. Ter máis de 18 e menos de 30 anos e 4 meses.

Máis información sobre como inscribirse no SNGX en:

<http://garantiaxuvenil.fondoseuropeos.gal/gaxuve>

Ou no teléfono **012**.

#### 5. COMO E CANDO INSCRIBIRSE?

A inscrición no programa realizarase de xeito telemático a través da seguinte páxina web:

<https://xportal.cixug.gal/>

A selección das persoas beneficiarias do programa realizarase nas seguintes fases:

Fase 1. Recepción de candidaturas: do 6 de agosto ata o 10 de setembro de 2021. A inscrición no programa realizarase de xeito telemático a través da seguinte páxina web

Fase 2. Entrevistas co equipo técnico do programa: do 17 de agosto ata o 17 de setembro. A entrevista poderá ser presencial ou en liña.

A publicación da listaxe definitiva de persoas participantes publicarase antes do 20 de setembro. Para o caso de existir máis persoas candidatas que prazas ofertadas teranse en conta os seguintes aspectos:

- Menor número de accións recibidas ao abeiro do SNGX (ata 2 puntos).
- Menor experiencia laboral na súa categoría profesional (ata 2 puntos).
- Expediente académico (ata 5 puntos).
- Pertenza a un colectivo de difícil inserción laboral: mulleres, persoas con discapacidade ou colectivos en risco de exclusión (ata 5 puntos).
- Motivación e entrevista persoal (ata 10 puntos).

## 6. QUE OBRIGAS CONLEVA A PARTICIPACIÓN?

A inscrición no programa conleva a obriga de participar nas accións definidas polo equipo técnico do programa e pola persoa mentora, en función do acordo coa propia persoa participante.

As persoas participantes deberán achegar, cando lle sexa solicitada, a información en relación aos indicadores de participación definidos polo Fondo Social Europeo, na súa Iniciativa de Emprego Xuvenil, así como calquera outra información que lle poida ser solicitada polas entidades financiadoras como proba da súa participación no programa.

As renuncias e baixas do programa deberán comunicarse con carácter previo e por escrito ao equipo técnico do programa.

## 7. INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS

<b>Responsable do tratamento</b>	Xunta de Galicia. Consellería de Política Social.
<b>Finalidades do tratamento</b>	A xestión da súa solicitude e a tramitación administrativa que no seu caso se poida derivar da mesma. Xestionar o presente servizo, verificar os datos e documentos que a persoa interesada declare na súa solicitude para comprobar a exactitude dos mesmos, levar a cabo as actuacións administrativas que, se é o caso, se deriven e informar sobre o seu estado de tramitación.
<b>Lexitimación para o tratamento</b>	O cumprimento dunha tarefa en interese público ou o exercicio de poderes públicos segundo a lei 6/2012, do 19 de xuño, de Xuventude de Galicia, a normativa recollida no formulario, na páxina <a href="https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos">https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos</a> e na ficha do procedemento na Guía de procedementos e servizos. Consentimento das persoas interesadas, cando corresponda.
<b>Destinatarios dos datos</b>	Os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia. En concreto, serán comunicados á Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos da Consellería de Facenda coa finalidade realizar a xestión, seguimento, información, control, coordinación e estudo da execución e avaliación dos programas operativos dos fondos procedentes da Unión Europea na súa condición de organismo intermedio dos programas operativos en virtude das funcións atribuídas pola autoridade de xestión dos programas operativos segundo o disposto no artigo 125, punto 2, artigo 140, puntos 3 a 5, e anexo XIII, punto 3, do Regulamento (UE) 1303/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, modificado polo Regulamento (UE, Euratom) 2018/1046, do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xullo de 2018, e as súas disposicións de desenvolvemento.
<b>Exercicio de dereitos</b>	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, no seu caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <a href="https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos">https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos</a> .
<b>Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información</b>	<a href="https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos">https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos</a>

## 8. MÁIS INFORMACIÓN

Para máis información sobre o programa:

- Consulta a web do programa en <https://xportal.cixug.gal/>
- Escríbenos a [mentoring@cixug.gal](mailto:mentoring@cixug.gal)